



4

## A Plena e a Baixa Idade Media. Do renacemento urbano á crise

### Trótula. Xinecóloga

O meu nome é Trótula e vivo nunha época (sec. XII d. C.) repleta de grandes cambios en todos os niveis sociais, económicos, científicos e culturais. Actualmente, resido no sur de Italia, na cidade de Salerno, onde imparto clases de medicina xeral. Aínda que, sobre todo, me interesa a especialidade referente á saúde das mulleres.

Tras moitos estudos, traballos e investigacións redactei un coñecido tratado sobre xinecología e obstetricia, que é moi apreciado polos meus coetáneos, xa que nel expoño técnicas avanzadas para a época baseadas nos meus amplos coñecementos. Tamén, son autora doutro tratado sobre o coidado da pel, a hixiene e a cosmética.

A escola de Salerno na que imparto clases é unha das máis modernas do meu tempo, no que están a xurdir as primeiras universidades. Durante a Plena Idade Media establecéronse nas cidades dous tipos de escolas,

as municipais, con variedade de estudos e de carácter público, e as catedralicias, que enfocaban os seus estudos ás ensinanzas relixiosas.

Para comprender mellor esta etapa da Idade Media vas coñecer:

- O territorio europeo. Cronoloxía, marco territorial e organización política.
- Os progresos agrarios. Innovacións técnicas e consecuencias.
- As cidades medievais. O burgo.
- O goberno e a economía nas cidades.
- A sociedade, e as renovacións cultural e relixiosa.
- A arte gótica: a arquitectura, a escultura, a pintura e as vidreiras.
- A Baixa Idade Media.

### PREGUNTAS E RESPOSTAS

- 1 Sobre que temas escribiu Trótula de Salerno nos seus tratados?
- 2 Que dous tipos de escolas se estableceron nas cidades durante a Plena Idade Media?

- 3  **Comprobamos.** Resolve as cuestións formuladas en cada un dos apartados da páxina da dereita. Para iso, podes consultar a información contida na unidade.

# 1 O territorio europeo.

## Un mosaico de reinos e pobos

### 1.1 Cronoloxía e trazos básicos

A **Plena Idade Media** comprende os séculos XI, XII e XIII. Este período foi unha época de prosperidade e cambios en Europa. O feudalismo mantívose, pero os reis loitaron por recuperar o seu poder: progresou a agricultura; renaceron as cidades; xurdiu un novo grupo social: a burguesía; renovouse a cultura, e xurdiu a arte gótica, un novo estilo artístico con gran difusión en Europa.

No século XIV, que inicia a **Baixa Idade Media**, esta prosperidade interrompeuse por unha crise xeral, que non se superou ata o século XV.

### 1.2 O marco territorial

A principios do século XI, a Europa cristiá continuaba sendo un mosaico de estados e de reinos situados entre os mares do Norte, Báltico e Mediterráneo.

- O reino de **Francia** e o **Sacro Imperio Romano Xermánico**, en Alemaña, eran as dúas unidades políticas principais da época. Xurdidas no século IX, tras a división do imperio carolinxio, situábanse no centro do continente e dividíanse en territorios feudais.
- Os **normandos** asentábanse ao norte do imperio. No século XI crearon reinos estables no sur de Italia, Sicilia e Inglaterra. Con iso, cesaron os seus ataques e deixaron de ser un perigo en Europa.
- Os **musulmáns** e os **cristiáns** disputaban no sur de Europa o dominio da península ibérica e das terras do imperio bizantino.
- Os **pobos eslavos** situábanse no leste de Europa, entre os mares Báltico e Negro. Organizábanse en poderosos principados, como o de Kiev, e mantiñan intensos contactos culturais con Bizancio.

### 1.3 A organización política.

#### Reis, curias e parlamentos

O **rei** gobernaba con axuda da **Curia Rexia**, unha asemblea composta por nobres e prelados que o asesoraba. Segundo os asuntos que se tratasen podía ser ordinaria ou extraordinaria.


- Á Curia Rexia **ordinaria** asistían persoas próximas ao rei, como familiares e altos funcionarios de palacio.
- Á Curia Rexia **extraordinaria** acudían representantes da nobreza e do alto clero; nela tratábanse os asuntos máis importantes, como declarar a guerra, conceder axudas económicas, xurar o herdeiro do trono, etc.

A partir do século XII, e sobre todo do XIII, os representantes dalgunhas cidades foron chamados á Curia Rexia extraordinaria. Así xurdiron os **Parlamentos** que, por convocatoria do rei, reunían a representantes dos tres estamentos coa finalidade principal de aprobar o cobro de impostos ou axudas económicas. Previamente, cada estamento expoñíalle as súas peticións ao rei.

#### AVANZA EN COMPETENCIAS

##### Manexar imaxes

- 1 Explica cal era a situación dos pobos que mostran as imaxes no século XI.



- 2 Explica as diferenzas entre a Curia Rexia e os Parlamentos en canto a composición e funcións.

## Europa no século XI




A partir do século XI, o asentamento definitivo dos normandos, que lograron crear reinos estables, trouxo a estabilidade política a Europa.

### Utilizar mapas

3 Observa o mapa e responde:

- Que estados ou pobos ocupaban o norte, o centro, o sur e o oeste do continente europeo?
- Onde estaban situados os normandos no século XI? Por que deixaron de ser unha ameaza para Europa?

## Da Curia Rexia ao Parlamento



Eduardo I de Inglaterra presidindo o Parlamento no século XIII.

En 1295, o rei **Eduardo I** de Inglaterra convocou o denominado «parlamento modelo» para pedir-lles aos seus súbditos diñeiro e armas.

Con este fin convocou unha reunión extraordinaria da Curia Rexia e chamou a asistir á alta nobreza, ao clero, a algúns membros da pequena nobreza e a dous representantes por cada condado e por cada cidade.

Desta forma, dotou a reunión da Curia Rexia de contido político. Cando estas reunións se convocaron de forma regular xurdiu o Parlamento.

- Eduardo I presidindo o Parlamento.
- Alexander III, rei dos escoceses.
- Llewellyn, príncipe de Gales.
- Parlamentarios.

Grazas ao apoio das cidades, os reis afianzaron o seu poder sobre os señores feudais, pois dispuxeron de recursos económicos a cambio de conceder-lles certos dereitos e liberdades.

Os Parlamentos recibiron nomes diferentes: **Parlamento**, en Inglaterra; **Estados Xerais**, en Francia; **Dieta**, no Sacro Imperio Romano Xermánico, e **Cortes**, nos reinos cristiáns peninsulares.

### Usar fontes de información

4 Investiga a orixe do termo «parlamento». Antes, programa como e onde buscar a información.

## 2 Os progresos agrarios

### 2.1 As innovacións técnicas na agricultura

Durante xeracións, o campesiñado europeo practicara unha agricultura de escasos rendementos. Esta agricultura baseábase no uso do arado romano, pouco pesado, que apenas afondaba na terra e era arrastrado por bois utilizando un xugo; e na práctica da rotación bienal, que permitía manter a fertilidade do solo deixando en barbeito a metade da superficie.

#### O arado con veso e a rotación trienal

Entre os séculos XI e XIII as actividades agrarias europeas experimentaron un forte crecemento, debido á progresiva difusión de innovacións técnicas. As máis importantes foron o arado con veso e a rotación trienal.

- O **arado con veso** de ferro, ou arado normando, permitía remover e airear mellor a terra. Era máis pesado que o arado romano, de aí que necesitase rodas e que, para arrastralo, comezasen a utilizarse cabalos en lugar de bois.
- A **rotación trienal** consistía en dividir o terreo en tres partes ou follas. En cada unha rotaban cada ano cereais, aveas ou leguminosas, e barbeito. Así só quedaba sen cultivar un terzo da terra.

#### Outros progresos agrarios

Outras innovacións técnicas aplicadas á agricultura nesta época foron o uso da **coleira**, un collar de coiro recheo de palla utilizado para unir os animais de tiro ao arado e mellorar a súa forza; e a adopción da **ferradura metálica**, que protexía os cascos dos animais.


Ademais, o **uso do metal**, máis resistente que a madeira, mellorou os instrumentos agrarios, como a gadaña, o que facilitou a sega dos cereais. E o **muíño de auga** perfeccionouse, pois era máis eficiente que o de vento utilizado ata entón.

### 2.2 As consecuencias dos progresos agrarios

As consecuencias do progreso das actividades agrarias foron variadas:

- A **producción agrícola** aumentou. Grazas a iso mellorou a **alimentación** da poboación, e Europa experimentou un forte crecemento demográfico, pasando de 36 a 80 millóns de persoas entre os séculos XI e XIV.
- A **superficie cultivada** estendeuse, xa que o incremento demográfico obrigou a ampliála. Así, talláronse os bosques que rodeaban as aldeas para establecer novos campos; desecáronse marismas e zonas pantanosas; gañáronse terras ao mar, como os **polders** holandeses; e colonizáronse novos espazos sen cultivar en Europa oriental.
- As **ciudades** revitalizáronse, a súa poboación creceu con rapidez e convertéronse en centros de intercambio comercial e de actividades artesanais.
- O **comercio** local e de longa distancia reactivouse.

#### A rotación de cultivos



Na **rotación bienal** a terra divídese en dúas follas nas que se suceden trigo, ou outro cereal, e barbeito.


Na **rotación trienal** a terra divídese en tres follas, deixando en barbeito só un terzo. Outro terzo sementábase no outono con cereais, como trigo. E outro, na primavera, con aveas ou leguminosas.

#### AVANZA EN COMPETENCIAS

Sinalar  Cadea de elementos asociados  
**achegas históricas**

- 1 Explica que vantaxes lle achegaron á actividade agraria as seguintes innovacións:
  - a) A rotación trienal.
  - b) O arado normando.
  - c) O uso da coleira e da ferradura.
  - d) A utilización do metal.
  - e) O emprego do muíño de auga.

## Outras innovacións agrarias



O **arado romano (A)** era de madeira e manexábase con bois que tiraban del mediante un xugo. O **arado de veso (B)** manexábase con cabalos, que tiraban del utilizando unha coleira.

Os **muíños de auga (C)** instalábanse nas beiras dos ríos. Constan dun eixe movido pola auga, ao que se adaptaban pedras de moer que trituraban o gran.

### Identificar causas e consecuencias

- 2 Busca información e responde: seguen empregándose o arado e o barbeito na actualidade?
- 3 Clasifica en causas ou consecuencias estes progresos agrarios:
  - a) perfeccionamento do muíño de auga; b) aumento da poboación; c) aumento do espazo cultivado; d) arado normando; e) incremento do comercio;

f) uso do ferro nos útiles agrarios; g) expansión das cidades.

| Causas | Consecuencias |
|--------|---------------|
|        |               |

### Elaborar produtos

- 4 Redacta un texto para cada ilustración superior explicando o que representa. Debe incluír os termos rotulados nas ilustracións.

## As cidades medievais (I). Recuperación, funcións e espazos

### 3.1 O renacemento urbano

A partir do século XI recuperouse a vida urbana en Europa. A causa principal foi o aumento da produción agraria, que proporcionou máis produtos dos necesarios para o consumo.

Así, fíxose necesario comercializar os sobrantes e cambialos por outros artigos, o que favoreceu o desenvolvemento do comercio e da artesanía. Ambas as dúas actividades localizáronse nas cidades, impulsando a súa recuperación.

O renacemento urbano afectou nuns casos as **antigas cidades** romanas, que decaeran tras as invasións xermánicas. Noutros casos, xurdiron **cidades novas** a partir de mercados establecidos xunto aos castelos e os mosteiros, ao longo de camiños, no cruzamento de rutas ou nos portos.

Xunto a estes mercados, creáronse barrios de artesáns e comerciantes, denominados **burgos**, que acabaron rodeándose dunha muralla e converténdose en cidades.

A palabra burgo acabou usándose para designar a toda a cidade. Os seus habitantes recibiron o nome de **burgueses**, e constituíron un novo grupo social, a burguesía, que non dependía do traballo da terra.

### 3.2 O burgo ou cidade medieval

Os **burgos** medievais situábanse habitualmente en lugares de doada defensa, estaban rodeados de murallas e desempeñaban varias funcións. Algúns acolleron a sede dun bispado ou dun condado. Outros convertéronse en importantes centros económicos, onde floreceron a artesanía e o comercio. E moitos foron destacados centros culturais e relixiosos.


Os **espazos** e **edificios urbanos** respondían a esta diversidade de funcións. Así, os máis destacados eran o **mercado**, situado nunha praza aberta; a **catedral**, símbolo do poder relixioso; o **concello**, símbolo do poder civil, e **outros edificios**, como as casas dos gremios; as lonxas, onde os comerciantes realizaban os seus tratos; as universidades e os hospitais.

O resto da cidade organizábase en **barrios**, que tiñan pequenas prazas e igrexas. Cada barrio estaba habitado polos artesáns dun mesmo oficio, e nalgúns casos por certas minorías, como os xudeus. A maioría das casas destes barrios estaban construídas de madeira, canizo e barro, o que favorecía a frecuencia de incendios. Só os nobres e os ricos burgueses podían custear mansións e palacetes construídos en pedra.

As cidades eran na súa maioría pequenas; tiñan entre 15 000 e 50 000 habitantes. As súas rúas eran estreitas, estaban sucias e carecían de pavimentación e de rede de sumidoiros. Por este motivo, proliferaban as ratas e os parasitos, e eran habituais as enfermidades infecciosas.



## A cidade medieval



### AVANZA EN COMPETENCIAS

#### Argumentar sobre temas Intúo e deduzo

- 1 Explica o porqué das seguintes afirmacións:
  - a) As cidades rexurdiron a partir do século XI.
  - b) Os habitantes da cidade recibiron o nome de burgueses.
  - c) Nas cidades eran frecuentes os incendios e as epidemias.

#### Manexar imaxes Sumamos

- 2 Observa a ilustración superior e realiza estas tarefas:
  - a) Di onde se localiza a cidade e que sistemas utiliza para defenderse.
  - b) Menciona os principais espazos urbanos, agrupándoos de acordo coa súa función.
  - c) Explica como eran as casas e as rúas da cidade.

## 4 As cidades medievais (II). O goberno e a economía

### 4.1 O goberno cidadán

Nun principio, as cidades dependían dos señores laicos ou eclesiásticos do lugar onde se asentaban. Os abusos dos señores levaron os burgueses a reclamar o dereito a gobernarse a si mesmos. Con esa finalidade, os burgueses crearon asociacións, chamadas comunas, que loitaron por conseguir dos señores ou do rei unha **carta comunal** ou **foro** que garante os seus dereitos e lles permitise formar un goberno autónomo.

Unha vez conseguida a súa liberdade, o goberno da cidade recaeu nun **consello comunal** que era elixido polos cidadáns. Este consello ocupábase da recadación de impostos e do aprovisionamento e defensa da cidade. O consello delegaba o poder executivo en maxistrados, chamados **alcaldes**, xurados ou burgomestres, que se reunían nun edificio chamado **concello**. Pronto, estes cargos foron acaparados polas familias máis ricas e influentes, constituíndo así un **patriciado urbano**.

### 4.2 Artesáns e gremios

Os artesáns das cidades traballaban en pequenos **talleres**, situados nunha casa utilizada á vez como vivenda e tenda de venda dos produtos artesanais. Os do mesmo oficio instalábanse na mesma rúa, á que daban nome (coiteleiros, tecedores, prateiros, etc.).

Organizábanse en **gremios** ou asociacións de artesáns dun mesmo oficio. Os obxectivos do gremio eran os seguintes: controlar a produción para evitar a competencia, a través da regulación do horario, das festas, dos prezos e da calidade dos produtos; e protexer os seus membros, pagando cotas para axudarlles aos enfermos e ás viúvas e aos orfos dos seus asociados.

#### O traballo dos artesáns



As cidades de Venecia, Xénova, Marsella e Barcelona comerciaban con Bizancio e co imperio musulmán, dos que adquirían produtos de luxo como seda, porcelana, especias e perfumes.

As cidades de Lübeck, Hamburgo e Colonia comerciaban con cereais, ámbar, madeira, peles, escravos, la, ferro e viño.

As cidades flamengas de Antwerpen (Amberes), Gante e Brugge compraban la e vendían tecidos elaborados.

#### AVANZA EN COMPETENCIAS

##### Manexar conceptos

- 1 Define estes conceptos históricos: *patriciado urbano*, *comuna*, *carta comunal*, *gremio*.

##### Elaborar coñecemento

- 2 Diferencia, explicándoas, as distintas categorías de traballadores dos gremios.

As vivendas dos artesáns (A) constaban de dous pisos. Na planta baixa estaban o taller (1) e a tenda aberta á rúa (2), que adoitaba ter un distintivo na parte superior indicativo do oficio; a cociña (3); a despensa (4) e frecuentemente un curral ou horta. Na primeira planta estaban os dormitorios (5).

Os artesáns realizaban o **traballo** a man, utilizando ferramentas sinxelas e seguindo as normas do oficio establecidas polo gremio (B).

## O renacemento do comercio a longa distancia



En cada gremio existían tres **categorías**: mestre, oficial e aprendiz. O **mestre** era o dono do taller e dominaba o oficio. Para alcanzar esta categoría debía pasar un exame consistente en elaborar unha «obra mestra». O **oficial** recibía un soldo polo seu traballo. E o **aprendiz** non cobraba e mentres aprendía o oficio vivía e comía na casa do mestre.

### 4.3 O auxo do comercio cidadán

A partir do século XI o comercio reactivouse. A este feito colaboraron o incremento da produción agraria e artesanal; o aumento do diñeiro dispoñible, grazas ao descubrimento de minas de prata; e a maior seguridade dos camiños, debido ao aumento da estabilidade política. Os principais centros do comercio foron as cidades.

- O **comercio local** realizábase nas vivendas-taller dos artesáns e nos mercados semanais, onde acudían os campesiños da comarca a vender os seus excedentes agrarios e comprar produtos artesanais.
- O **comercio a longa distancia** levábase a cabo nas **feiras**. Estas eran reunións de comerciantes celebradas unha vez ao ano nalgúns lugares, e nelas vendíanse artigos procedentes de lugares afastados. As máis famosas foron as francesas de Champagne, na ruta terrestre que unía Flandres (Bélxica) e Italia.

A reactivación de comercio a longa distancia orixinou prósperos **núcleos comerciais**. No Mediterráneo destacaron Venecia, Xénova, Florencia, Pisa, Marsella e Barcelona; e no norte de Europa Lübeck, Hamburgo, Gante e Brugge. Esta intensa actividade mercantil impulsou a creación de asociacións de comerciantes; os pagamentos en moeda e con letras de cambio, e a aparición de cambiadores de moeda e de banqueiros.

### Manexar imaxes

- 3 Observa a ilustración da vivenda-taller e escribe como era, como se construíra, que partes tiña e para que se usaba cada unha.

### Utilizar mapas

- 4 No mapa do comercio, elixe unha ruta mediterránea e outra do norte de Europa. Indica, despois, os nomes das cidades que se situan ao longo de cada unha, o país actual no que se encontran e os artigos cos que se comerciaba.

### Buscar información relevante

- 5 O comercio sempre foi unha actividade fundamental. Actualmente, o comercio internacional e o electrónico (*online*) están xerando moitas saídas profesionais. Investiga os distintos títulos de FP e graos universitarios relacionados con esta rama e traza distintas rutas de saídas profesionais.

## 5.1 A nova sociedade urbana

Os burgueses ou habitantes das cidades constituíron un novo grupo social que baseaba a súa posición en actividades distintas da propiedade e do traballo da terra. Na sociedade feudal incluíronse no estamento dos traballadores ou terceiro estado. Pero dividíanse en varios grupos segundo a súa riqueza.

- O **patriciado urbano** era un grupo minoritario. Estaba integrado polos ricos comerciantes, os banqueiros e os dirixentes dos principais gremios, que acapararon o goberno da cidade.
- O **común** incluía o resto da poboación urbana. Estaba constituído polos mestres dos gremios e polos pequenos comerciantes, que constituíron un grupo intermedio; a masa urbana, integrada polos oficiais e os aprendices dos gremios, e os criados; e os pobres e marxinados sen traballo, que vivían da mendicidade.

Nalgunhas cidades existían tamén **minorías** de xudeus, que vivían en barrios á parte denominados xuderías ou alfamas. Os xudeus dedicábanse ao préstamo, ao comercio, á artesanía especializada e á medicina.

## 5.2 As mulleres na sociedade urbana

Na cidade, as mulleres adoitaban compartir o oficio do seu pai ou do seu esposo, como taberneiras, vendedoras ou artesás de todo tipo de oficios. Así, algunhas foron ourives e prateiras, pintoras, ilustradoras de miniaturas, ferreiras e traballadoras da construción, onde como albaneis preparaban adobes e tellas, amasaban xeso, desentullaban e transportaban materiais.

Outros oficios que desempeñaban habitualmente as mulleres foron os de lavadeiras, pasadoras, actrices, cantantes, bailarinas, curandeiras e parteiras.

## 5.3 A vida cotiá na cidade

A vida da cidade desenvolvíase nas súas rúas e prazas. Estas eran lugares buliciosos e dinámicos, onde tiñan lugar o traballo diario dos artesáns e a venda ambulante. Nelas concentrábanse todo tipo de persoas: traballadores, artistas de monicreques, xograres, mendigos, malabaristas, tolos e forasteiros. Estes eran nalgúns casos servos fuxidos dos señoríos, que tras permanecer na cidade un ano e un día se convertían en cidadáns libres e perdían a súa antiga relación co señor feudal.

Os días de festa limpábase a cidade, as rúas cubríanse con palla e xuncos, e colgábanse tapices e panos nas ventás. Como diversión, os homes acudían ás tabernas, onde conversaban, xogaban aos naipes e aos dados, comían e bebían. Todos os habitantes, lucindo as súas mellores vestimentas, participaban en procesións, xogos e bailes organizados polos gremios.

### AVANZA EN COMPETENCIAS

#### Organizar información

- 1 Sitúa nunha pirámide os diferentes grupos da sociedade urbana.

#### Valorar a achega das mulleres

- 2 Busca información sobre o papel social da muller na Idade Media. Realiza, despois, un resumo organizado para expoñelo oralmente na clase.

#### Manexar imaxes

- 3 Observa as ilustracións e realiza estas tarefas:
  - a) Que grupos sociais aparecen?
  - b) Cales eran as actividades de cada un destes grupos?
  - c) Que aspectos da vida cotiá da cidade se representan?

#### Usar fontes de información

- 4 Descubre se no lugar no que vives, ou nalgunha localidade próxima, hai rúas con nomes de oficios artesanais.

Infórmate tamén sobre a súa procedencia e se están relacionados coa Idade Media.

#### Establecer relacións

- 5 Un dito popular na Idade Media dicía: «O aire da cidade faite libre». Relaciónao cos contidos da epígrafe 5.3.

#### Buscar información relevante

- 6 Busca na web información sobre os cambiadores e banqueiros da Idade Media. Especialmente, sobre a orixe e a evolución do seu traballo.

Consulta o traballo de campo

**DESTREZA**

## A vida na cidade

### Habitantes. Patriciado urbano



### Habitantes. O común



1. Grupo intermedio: comerciante.
2. e 3. Masa urbana: artesán e criado.
4. Pobres e marxinados: mendigo.

### Unha rúa da cidade

A. Catedral.

B. Vivendas-taller.



## A renovación cultural e relixiosa

### 6.1 A cultura urbana. Escolas e universidades

O renacemento da cultura concentrouse nesta época nas cidades, onde se crearon escolas e universidades.

- As **escolas urbanas** eran de dous tipos. As **catedralicias** estaban controladas pola Igrexa e centrábanse nos estudos relixiosos. As **municipais** eran escolas públicas, e os seus estudos foron máis variados: lectura, escritura, contabilidade, dereito e medicina.
- As **universidades** xurdiron a mediados do século XII impulsadas polos bispos e os reis. Organizáronse como un gremio de mestres e estudantes para defender os seus intereses. Os estudos dividíanse en catro especialidades ou **facultades**: Artes Liberais, Medicina, Dereito e Teoloxía. O ensino era en latín e seguía un método, a escolástica, que consistía en ler un texto, formular un problema, discutir sobre el e adoptar unha decisión. As universidades medievais máis famosas foron as de París, Oxford e Boloña.

### 6.2 Relixiosidade e inimigos da fe

Na Plena Idade Media, a Europa cristiá defendeu a súa fe. Fronte aos musulmáns, a través das cruzadas; e fronte ás herexías, por medio da Inquisición e das ordes mendicantes.

#### Cruzadas e ordes militares

As **cruzadas** eran expedicións militares organizadas para expulsar os musulmáns dos Santos Lugares; é dicir, daqueles territorios onde transcorrera a vida de Cristo. Foron convocadas polo papa, e nelas participaron cabaleiros e combatentes dos diversos reinos cristiáns. A primeira foi convocada polo papa Urbano II con ocasión do Concilio de Clermont, en 1095. En conxunto, entre os séculos XI e XIII, realizáronse oito cruzadas de resultados dispares.

A defensa do territorio conquistado polos cruzados en Terra Santa e a protección dos peregrinos que acudían a visitalos encomendáronse ás **ordes militares**. Eran milicias de carácter relixioso e militar cuxos membros estaban suxeitos aos votos de obediencia, pobreza e castidade. Entre elas destacaron a Orde do Temple, a Orde dos Hospitalarios e a Orde do Santo Sepulcro.

#### Inquisición e ordes mendicantes

Nos séculos XII e XIII xurdiron varias herexías, ou doutrinas contrarias ás ensinanzas da Igrexa. Algunhas orixinaron movementos relixiosos importantes, caso dos valdenses e dos albixenses ou cátaros, que se estenderon, sobre todo, por Francia.

Para combatelas, a Igrexa creou en 1230 o **Tribunal da Inquisición**, que xulgaba os delitos contra a fe. Ademais, intensificou a predicación por parte de novas ordes relixiosas, como os dominicos e os franciscanos, que predicaban nas cidades e vivían das esmolas. Por iso coñécense como **ordes mendicantes**.


#### A cultura

##### As universidades



Como os gremios, cada universidade tiña os seus propios estatutos que fixaban as súas ensinanzas e as súas normas.

##### A educación das mulleres




Libro da educación da muller segundo os modelos medievais.

#### AVANZA EN COMPETENCIAS


##### Manexar conceptos

- 1 Define os seguintes termos e explica a relación que existe entre eles: a) Cruzada, Terra Santa e ordes militares. b) Herexías, Inquisición e ordes mendicantes. c) Universidades, latín e escolástica.

## As cruzadas



As cruzadas eran **convocadas polo papa**. Nelas participaron cabaleiros cristiáns desexosos de conseguir terras e poder; mercadores que seguían os exércitos; campesiños que ansiaban botín e riquezas; e servos que esperaban conseguir terras e a liberdade.



As **oito cruzadas** tiveron lugar entre 1095 e 1270. Os seus destinos principais foron Palestina, Exipto, Constantinopla e África do norte.

### Utilizar textos escritos



Preguntas provocadoras

- Utilizando a información do texto e dos documentos, resolve estes interrogantes: a) Que eran as cruzadas? Quen as convocaba? Quen participaba nelas? b) De onde partían os cruzados? Cales foron os seus principais destinos? c) Que eran as herexías? Como se combateron? d) Que eran as universidades? Como era o ensino?

### Utilizar termos e conceptos

- Aos militares participantes na cruzadas chámaseles cruzados. Descubre a orixe dese termo.

### Utilizar mapas

- Elix unha das oito cruzadas e, utilizando un mapa, nomea os países actuais polos que atravesou esa expedición militar.

## A arte gótica (I). A arquitectura

### 7.1 Un estilo urbano

A partir do segundo cuarto do século XII xurdiu no norte de Francia o **gótico**, un novo estilo que se difundiu pronto polo resto de Europa, onde perviviu ata o século XV. O termo foi aplicado a este estilo artístico no Renacemento, ao considerarse que fora introducido polos godos.

O gótico foi un **estilo urbano** que reflectiu o esplendor alcanzado pola burguesía e as cidades, que non dubidaron en financiar custosos edificios decorados con esculturas, pinturas e vidreiras.

### 7.2 A arquitectura gótica

#### Caracteres xerais

A arquitectura gótica, realizada en pedra, caracterizouse pola conxunción de tres elementos construtivos: o arco apuntado ou oxival, a bóveda de crucería e o arcobotante.

- O **arco apuntado** é moito máis dinámico que o de medio punto románico; por iso, permite alcanzar unha elevación considerable.
- A **bóveda de crucería** é máis lixeira que a bóveda de aresta románica. Fórmase polo cruzamento de dous arcos apuntados nun punto central, chamado clave. Estes arcos descargan o seu peso en catro puntos, que coinciden cos ángulos da bóveda.
- O **arcobotante** utilízase para conducir ata os piares exteriores as presións laterais das bóvedas. Deste modo, os muros perden o seu papel sustentante, e neles poden abrirse grandes ventanais pechados con vidreiras. Estas dotan ao edificio gótico dunha gran luminosidade e colorido.

#### Os tipos de edificios

O **edificio relixioso** principal foi a catedral, que se converteu nun símbolo do poder das cidades. Estas rivalizaron entre si por facelas máis grandes e elevadas.


A **catedral gótica** adoita ter planta de cruz latina, con tres ou cinco naves, transepto, cabeceira con deambulatorio e numerosas capelas.

O **interior** consta, en xeral, de tres pisos: arcadas, triforio ou galería calada, e ventás provistas de vidreiras. O **exterior** posúe unha fachada enmarcada por dúas torres, grandes portas de entrada e un rosetón ou ventá circular.

Os exemplos de catedrais máis destacadas encóntranse en Francia (Notre Dame de París, Chartres, Reims, Amiens e Laon), en Reino Unido (Salisbury) e en Alemaña (Colonia).

Os **edificios civís** tamén abundaron nas cidades. Os máis destacados foron os concellos, as lonxas comerciais e os palacios nobiliarios ou burgueses.

Planta



#### AVANZA EN COMPETENCIAS

##### Cñecer a arte

- 1 Define os seguintes termos arquitectónicos: *bóveda de crucería*, *arcobotante*, *pináculo*, *triforio*, *rosetón*.
- 2 A continuación, localízaos nas ilustracións.

##### Analizar estilos Roda lóxica

- 3 Explica por que: a) O gótico recibe esta denominación. b) O gótico foi unha arte urbana. c) Os edificios góticos son elevados e luminosos.
- 4 Comenta as vantaxes que supuxeron os seguintes elementos construtivos do estilo gótico: arco apuntado, bóveda de crucería e arcobotante.

##### Manexar imaxes

- 5 Busca, no libro de texto ou en Internet, unha imaxe representativa dunha catedral gótica e outra dunha igrexa románica.


Despois, compáraas. Debes comentar, como mínimo, estes apartados: material, soportes, arcos, bóvedas, elevación e luminosidade.

Consulta a análise de obras de arte (I). A arquitectura


**DESTREZA**

## A catedral gótica


### Reconstrución xeral



### Distribución en pisos



### Estrutura e elementos



A **bóveda de crucería** fórmase polo cruzamento diagonal de dous arcos, que transmiten o peso aos catro ángulos da bóveda. Desde alí, un arco chamado **arco-botante**, conduce as presións ata os piares exteriores, **contrafortes**, reforzados na súa parte superior por un remate piramidal, chamado **pináculo**.

## A arte gótica (II). Escultura, pintura e vidreiras

### 8.1 A escultura e a pintura góticas

A escultura e a pintura góticas, en comparación co románico, mostraron certo interese pola beleza, o movemento e a expresión dos sentimentos dramáticos ou de tenrura. Tamén foron máis realistas, chegando a aparecer verdadeiros retratos nalgúñas esculturas de sepulcros e nas pinturas, encargadas por nobres ou burgueses.

Os temas continuaron sendo relixiosos, pero predominan os do Novo Testamento, e das vidas dos santos e da Virxe.

- A **escultura monumental** sitúase sobre todo nas fachadas, en particular nas portadas e nos capiteis das catedrais. Pero agora, en comparación co románico, as figuras presentan unha maior independencia do marco.

A **escultura exenta** gañou en realismo e naturalidade. O **Cristo crucificado** aparece con coroa de espiñas, vestidura curta e cravado á cruz con tres cravos, intentando transmitir sufrimento. A **Virxe** pasa a representarse como nai de Deus, suxeita o neno nun brazo e mostra unha actitude maternal cara a el, buscando inspirar tenrura. Por iso, ambos os dous comunícanse, míranse e sorrín. Tamén xurdiu un tema mariano novo: a **Piedade**.


- A **pintura** abandonou os muros das igrexas, ocupados polas vidreiras, e realizouse en táboas de madeira. Estas podían formar grandes conxuntos situados detrás do altar, denominados retablos. As cores das pinturas sobre táboa son brillantes, con frecuente uso do ouro para dar luminosidade, e existe un maior interese por representar o volume das figuras e a profundidade do espazo. Ademais, ilustráronse libros con **miniaturas**.

### 8.2 As vidreiras

As vidreiras comezaron ter protagonismo no interior dos edificios relixiosos. Cumprían unha tripla **función**: protexían do frío, creaban unha luz coloreada e un espazo espiritual no interior da catedral, e simbolizaban a luz divina. Para realizalas facíase un debuxo previo do mesmo tamaño que o oco; elaborábanse as varas de chumbo que seguían a liña do debuxo; e colocábanse entre elas os vidros coloreados. Sobre eles aplicábanse tintas de cor escura para matizar os detalles.

### A escultura monumental

#### Os tímpanos e as xambas



O **tímpano** é de maior tamaño que o románico. De aí que, xeralmente, estea dividido en varios pisos horizontais. Nas arquivoltas, as esculturas dispóñense en sentido lonxitudinal.

Nas xambas, as figuras teñen máis independencia do marco arquitectónico; son máis realistas nos rostros e na indumentaria; e mostran variedade de posturas e ademáns. A disposición da indumentaria deixa ver o corpo que hai debaixo.

No apartado «Aplica as competencias» tes a proba: Mestres canteiros e pedreiros.

### AVANZA EN COMPETENCIAS

#### Manexar conceptos

- 1 Escribe cinco adxectivos que describan os trazos propios da escultura e da pintura góticas.

#### Analizar estilos e obras Preguntas provocadoras

- 2 Utiliza os teus coñecementos para contestar:
  - a) Compara as portadas románica e gótica.
  - b) En que se parecen e en que se diferencian os temas da pintura románica e da pintura gótica?
- 3 Busca, no libro ou en Internet, unha imaxe dun Cristo crucificado e unha Virxe co neno románicas. Compáraas coas imaxes da páxina seguinte.
- 4 Por que no gótico a pintura mural perdeu importancia?
- 5 Describe o proceso de elaboración dunha vidreira.

Consulta a análise de obras de arte (II). A escultura

**DESTREZA**

## A escultura exenta, a pintura e a vidreira

### Cristo crucificado

A

Coroa de  
espiñasFeridas do  
costado das  
que mana  
sanguePernas  
cruzadasO corpo  
derrúbaseO pano  
acúrtase

Tres cravos



### Virxe co neno

B



### A Piedade

C



A. O crucificado mostra sufrimento, leva coroa de espiñas, abundantes feridas e só tres cravos. O pano de pureza é máis curto, e as súas dobras e o tratamento do corpo son máis realistas.

B. A **Virxe co neno** é unha representación máis humana, e ambos os dous míranse.

C. A dor, en cambio, aparece na **Piedade**; nela, a Virxe ten nos seus brazos o corpo morto de Cristo.


### A pintura



A **pintura** fíxose máis natural. As cores matizáronse mediante a luz dando maior volume ás figuras; incrementouse a sensación de profundidade a través de fondos de paisaxes e as figuras foron máis naturais.

A imaxe mostra o retablo da Maiestà (1311), *Fuxida a Exipto* de Duccio di Buoninsegna.

### A vidreira



As **vidreiras** proporcionaban unha luz coloreada e un espazo espiritual no interior da catedral. En definitiva, simbolizaban a luz divina.

A vidreira é da catedral de Notre Dame, París.

## 9 A Baixa Idade Media en Europa

### 9.1 A crise do século xiv

Todos os países europeos sufriron durante o século xiv unha profunda crise, xa que se viron moi afectados por tres grandes calamidades: as guerras, a peste e a fame.

- As **guerras**. En Europa, a máis prolongada e devastadora foi a chamada guerra dos Cen Anos (1337-1453), na que se enfrontaron Francia e Inglaterra. Nos demais países europeos, e nos reinos cristiáns peninsulares, os señores feudais loitaron entre si e contra o rei, en guerras que destruíron o territorio.
- A **peste**. As epidemias de peste foron frecuentes na época. A máis importante foi a chamada **peste negra**, ocorrida entre 1348 e 1353 e que afectou especialmente as cidades. Xurdiu en Asia, desde onde se difundiu por Europa a través do comercio.
- A **fame**. Tivo a súa orixe en varios anos seguidos de elevadas precipitacións, que inundaron os campos, podreceron as sementes e arruinaron as colleitas.

### 9.2 As consecuencias da crise

- A **poboación** europea descendeu significativamente de 80 a 45 millóns de persoas entre 1300 e 1400. E na península ibérica, Castela, Cataluña e Mallorca perderon entre o 25 % e o 50 % dos seus habitantes.
- A **economía** decreceu. A produción agraria reduciuse, baixou a demanda de produtos artesanais e o comercio entrou en crise.
- A **sociedade** asistiu a un incremento dos conflitos no campo e na cidade.
- A **arte** paralizou as construcións e o pesimismo da época, causado pola crise, expresouse en temas macabros, como danzas da morte.

### 9.3 A recuperación do século xv

No século xv iniciouse a saída da crise. Os reis impuxéronse sobre os señores feudais; a poboación comezou a crecer; a agricultura e a artesanía recuperáronse; o comercio reactivouse e comezou a busca de novas rutas comerciais que conduciron a grandes descubrimentos xeográficos; restableceuse a paz social; e iniciouse un cambio de mentalidade cara a un maior humanismo.

### A guerra dos Cen Anos (1337-1453)



A guerra estalou por un problema dinástico en Francia, xa que Carlos IV morreu sen descendentes e había tres candidatos ao trono, entre eles, o rei de Inglaterra. Na contenda, os dous países disputaron o control dos extensos territorios que a monarquía inglesa tiña en Francia.

### AVANZA EN COMPETENCIAS

#### Valorar a evolución histórica


- 1 Explica que relación tivo a crise do século xiv cos seguintes feitos:
  - a) Malas colleitas.
  - b) Descenso da poboación.
  - c) Peste negra.
  - d) Conflitos sociais.
  - e) Crise do comercio.
  - f) Guerras.
  - g) Ruína dos artesáns.
  - h) Danzas da morte.
- 2 Infórmate sobre Xoana de Arco e redacta un pequeno informe sobre a súa participación na guerra dos Cen Anos.

#### Establecer relacións


- 3 Relaciona os seguintes feitos con causas ou consecuencias da crise: peste, descenso da poboación, crise da artesanía, malas colleitas, descenso do comercio, guerras, revoltas sociais.

## A peste negra e as súas consecuencias

### Difusión da peste



### Síntomas da enfermidade



A **enfermidade manifestábase** coa aparición de **bubóns** ou vultos nas axilas e nas inguas, e de **manchas de cor moura** por todo o corpo que, en xeral, supoñían a morte da persoa aos poucos días da súa aparición. Fronte a esta enfermidade, a medicina da época utilizou como remedio a sangría, que consistía en cortar os vultos e sangralos.

Na Idade Media, a peste considerouse un castigo divino e deu lugar á aparición dos **flaxelantes**, bandas itinerantes que desfilaban en procesión polas cidades durante trinta e tres días flaxelándose en público.

A **peste** xurdiu probablemente nas estepas de Asia oriental. Difundiuse cara ao oeste a partir do sitio da colonia xenovesa de Kaffa, en Crimea, polos exércitos mongois, que botaron ao seu interior cadáveres infectados. Desde alí a peste propagouse por Europa a través dos barcos comerciais, causando en poucos anos uns 25 millóns de mortos.

### Utilizar mapas

- 4 Observa o mapa e resolve estes interrogantes:
  - a) Cal foi o foco orixinario da peste? En que data estalou a epidemia?
  - b) Por que as zonas costeiras foron as primeiras en contaxiarse?

### Utilizar medios de expresión



Fíos compartidos

- 5 Explícalle a un compañeiro ou unha compañeira as cuestións seguintes: a) Como se manifestaba a peste negra. b) Que remedios se aplicaban contra ela. c) A que lle atribuíron os contemporáneos a causa da morte. d) Quen eran os flaxelantes e como vestían.

### Sinalar achegas históricas



- 6 Ao longo da historia houbo moitas crises. Na actualidade enfrontámonos a unha das crises sanitarias máis severa, a de COVID-19. Ten impacto en todos os ámbitos e require profesionais en epidemioloxía traballando en equipos multidisciplinares para superala. Investiga sobre este ámbito profesional e como chegar a el.